

O VAL MIÑOR

Recopilación de: Alfredo López

Descripción física

Está constituído polos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán, o seu territorio ten un perímetro de 60 Km que discurre practicamente polas crordas dos montes que o rodean, atopándose limitado ó N pola serra do monte Alba, ó este pola serra do Galiñeiro e San Xulián e ó sur pola Groba. Polo Oeste está o océano Atlántico formando a enseada de Baiona que baña ás praias de Patos, Panxón, Lourido e Sta. Marta. A altura máxima dos picos é de 500 metros no Alto do Canaval que é o pico da serra que arrinca dende o monte do Alba que máis se achega ó Val Miñor, alí limitan os concellos de Gondomar, Nigrán e Vigo. A altura máxima e de 700 metros no pico do Galiñeiro. Na Serra da Groba, as alturas que se acadan no concello de Baiona son os 652 metros nas Abrutias. O Val é un lugar de contrastes dado que a carón das áreas costeiras certamente chans como toda a área comprendida dende a xunqueira a Gondomar atópanse lugares altos como Monteferro cos 141 metros de altitude ou o monte Lourido con seus 51 metros, ascendendo cara o interior ata os 600 ou 700 metros de altitude, como no monte Galiñeiro, en apenas 4 ou 10 kilómetros de distancia dende a costa.

Xeoloxía

A conformación do Val é resultado da conxunción de fenómenos tectónicos, fracturas e fallas, e da erosión diferencial, pois unha banda de predominio xistoso atravesa o val de N NO/S SL, sendo a responsable das fermosas praias de Panxón e Praia América. O fondo do val forma, deste xeito, un alvéolo colmatado por fenómenos de acumulación do Cuaternario.

As augas fluviais

A maioría das abas do Val verquen cara ó río Miñor. As augas máis altas proceden do río Zamáns, este afluente nace a máis de 400 metros de altitude pola escorrentía da cara Norte do Galiñeiro, e tamén recibe augas dos poulos baixo San Colmado, aínda que están na vacía do Miñor pertence á parroquia do mesmo nome no concello de Vigo. O río Zamáns discurre ata o que actualmente é a presa de Zamáns ó pe do Galiñeiro e continúa pola Pasaxe entrando en Vincios, poucos son os regatos e afluentes de

importancia que entran no río durante o seu percorrido. O Zamáns pasa por unha zona moi encaixada e estreita que se coñece como Pego Negro, conservando actualmente unha das mellores áreas de bosque de ribeira de todo o Val Miñor. Polo este baixan do San Antoniño o río Touteiras por Peiteiros e da aba sur do Galiñeiro o río Morgadáns, ambos únense e máis abaixo e reciben o aporte do rego da Rasa. En Gondomar mesmo ambos afluentes, o Morgadáns e o Zamans, únense formando o río Miñor que discurre paseniñamente cara á xunqueira, apenas un par de kilómetros antes de entrar na influencia da marea.

O remate do curso propiamente fluvial podría ser a ponte da xunqueira xa que a enseada da Ramallora está cuberta de illas areosas compostas de pradeiras salinas que indican un claro predominio das augas salgadas. A Foz do Miñor é un esteiro, e está formado por un complexo intermareal composto por dúas áreas dunha trinte nove hetáreas de superficie, unha con maior influencia fluvial que ten forma de bolsa e contén no seu interior diversas ínsuas que quedan ailladas na marea alta, continúa un estreitamento onde se atopa a ponte da Ramallosa e posteriormente ábrese de novo nuha ampla área, maior que a anterior, que está pechada frontalmente por unha barra de area permitindo o intercambio mareal entre a barra e o monte Lourido. A lonxitude do río ata a Ponte da Ramallosa é de 16 Km.

Outros ríos como o da Groba e o de Guillade que baixan das abas da Groba desembocan directamente na xunqueira por Sabarís. Existen outros ríos de menor entidade que desembocan na propia enseada destacando o río dos Muíños que desemboca na metade da Praia de Area alta en Panxón.

Climatoloxía

As características climatolóxicas do Val son tomadas en función da estación do Monte Aloia atopando que a temperatura media anual é de 14 °C oscilando entre as medias mínimas e máximas entre 4,3° e 25,4° C. A radiación solar directa é de 340 cal/cm²/día como media anual. As zonas baixas atópanse entre as áreas de Galicia con certa sequeidade estival. A zona do val está baixo a influencia do gradiente positivo entre a precipitación e a altitude causado pola franxa montañosa costeira moi preto do mar. Esta franxa frea as depresións climáticas procedentes do oeste e suroeste (nubes cargadas) producindo fortes e abundantes chuvias, curiosamente o efecto ínsula provoca

que as illas Cíes teñan menor pluviosidade que o Val Miñor. A pluviosidade media anual no Val é de 1930 mm, lixeiramente superior a Peinador, e nas Cíes de 877 mm. A maior parte das chuvias acontecen no inverno, un 38%, e a menor parte acontece no verán que aínda chega a un 10%, o outono e a primavera acadan 26 e 25% respectivamente.

Vexetación

A rexión fitoclimática na que se atopa o Val Miñor defínese como Atlántico Europeo, entre as características das comunidades vexetais hai que ter en conta certa influencia Mediterránea típica do sur e sureste de Galicia, dende o punto de vista da vexetación contando, aínda que actualmente con escasa representación, de ébredo (*Arbutus unedo*), loureiro (*Laurus nobilis*) e sobreira (*Quercus suber*).

A maior parte da cobertura vexetal arbórea actual está nas áreas de altura media dada a alta antropización das áreas costeiras máis baixas. Antigamente as comunidades vexetais litorais deberon ser importantes dada a ampla extensión dunar da zona, actualmente a vexetación dunar está en franca extinción, apenas pode ser observada nunha pequena área da praia de Ladeira. A vexetación litoral de acantilado está ben representada nas paredes de Monteferro.

A vexetación de zonas húmidas está ben representada na Foz do Miñor, aínda que actualmente bastante reducida na súa extensión debido á antropización e obras civís, está suficientemente representada sobre todo na parte interior da xunqueira. A vexetación está constituída por especies adaptadas a condicións ambientais mois estrictas, especies halófitas, adaptadas a vivir en condicións salinas, e estenoicas, aquelas que non soportan grandes variacións de pH no medio. As especies características da marisma son o xunco (*Juncus maritimus*) que medra nas partes altas da xunqueira, *Halimione portulatooides* que se estende das partes altas ás baixas formando matos densos, a *Spartina maritima*, pranta que queda inundada na preamar, a *Salicornia perennis*, pranta de talo carnoso e cilíndrico e a *Zostera marina* que é unha pranta fanerógama de talo subterráneo rastreiro horizontal que forma pradeiras sobre fondo lamacento-areoso.

As zonas baixas estiveron ocupadas por prados e campos de labor substituídas actualmente por construcións industriais e casas que cambiaron a vexetación en moitos lugares substituíndo os vexetais de prado e cultivo por especies invasoras e posteriormente por especies propias da xunqueira.

Bordeando o río existe un bosque de ribeira moi desigual e discontinuo, conservándose ben en áreas afastadas e de difícil acceso e manténdose con vexetación xove e de escaso porte na maioría do percorrido polas podas e cortes contínuos. Atópase en abundancia amieiro (*Alnus glutinosa*) e salgueiros (*Salix spp.*) aínda que tamén aparecen avelaneiras (*Corylus avellana*) freixos (*Fraxinus angustifolius*), sabugueiros (*Sambucus nigra*) e carballos (*Quercus robur*) e castiñeiros (*Castanea sativa*) mesturados, lamentablemente xa se poden observar acacias (*Acacia dealbata*) e eucaliptos (*Eucaliptus globulus*) mesmo nas cercanías do río.

Existen importantes masas forestais de bosque mixto composto de piñeiros (*Pinus pinaster*), eucaliptos e carballos de pequeno porte, tamén monocultivo de piñeiros e eucaliptos nas alturas medias. As zonas altas das serras do Galiñeiro e a Groba están ocupadas por cobertura de mato mixto de toxos (*Ulex europaeus*), xestas (*Cytisus spp.*) e carrascos (*Erica sp.*). Nas zonas chans de altura pódense atopar áreas de brañas e zonas húmidas por encharcamento.

Fauna

A fauna das áreas litorais está paralelamente en regresión coa flora e a calidade do medio, a fauna mariña vaise mantendo polo interese comercial da explotación marisqueira pero vese tamén influenciada pola forte presión dos asentamentos humanos e os seus residuos.

Toda a área litoral ten importancia en canto a presenza de aves acuáticas pola utilización da xunqueira e proximidades como repousadeiro e área de alimentación para especies migratorias.

As zonas altas boscosas e montañosas teñen unha presenza de especies típicas e características do bosque galego aínda que a súa densidade é máis ben baixa. A presenza de perdices, lebres e algunhas aves rapaces debera ser máis abundante e debe

o seu descenso á presión cinexética e ó abandono dos campos de labor tradicionais. Tense constatada a presenza de raposa e xabarán que chega a afectar ós cultivos. Nas zonas baixas tense constatada a presenza de lontras e nas áreas fluviais e marítimas de visóns americanos cimaróns.

As serras presentan cabana gandeira ceibe (vacas e cabalos) aínda que carecen actualmente da presenza do lobo.

Os asentamentos humanos

A fecundidade do solo e a dozura do clima foron motivos históricos de temperá e longa implantación das comunidades humanas. Deste xeito atopamos restos arqueolóxicos pertencentes ó Paleolítico, sendo a estación do Chan do Cereixo, nos límites de Gondomar e tomiño, xunto cas das Lagoas de Budiño as máis importantes do sur de Galicia. Tamén na Insula, en plena xunqueira do Miñor foron atopados restos Paleolíticos. A presenza de numerosas mámoas que nos remiten á cultura Megalítica non fai maáis que reafirmarnos no dito anteriormente. En toda a zona aparecen tamén diversos restos arqueolóxicos correspondentes á época castrexa, restos de cerámica, restos de edificacións, terrazas e fortificacións. Tamén contamos con numerosas estacións rupestres con importantes representacións animais, algunhas delas como o Couto da Moura de Chaín practicamente únicas no seu estilo pois atópanse as inscricións dentro do recinto formado polo oco natural dun xigantesco penedo furado por erosión.

Existen tamén restos da época romana entre as que se poden contar as importantes fortificacións do Galiñeiro e a ponte romana de Mañufe ou os mosaicos e peiraos de Panxón. Da época posterior alto do medievo, aparecen sartegos, restos de fortificacións e necróplis, sobre todo o templo visigótico de Panxón e a ponte da Ramallosa.

O Val Miñor atópase entre as cidades de Vigo, Baiona e Tui polo que o seu territorio foi atravesado por importantes vías de comunicación xa na época antiga como o camiño real entre Tui e Baiona. Nesta época aparecen as edificacións señoriais como o Pazo de Gondomar.

A historia marítima de Galicia marcou un fito na historia das civilizacións occidentais nas beiras das praias do Val Miñor, a vila de Baiona, fundada xa no 1201 foi bastión da entrada da ría de Vigo sufrindo ataques de loitadores, piratas e cabaleiros de ahí que se construíra nela a poderosa fortificación do Moterreal. A chegada da Pinta comandada por Martín Alonso Pinzón puxo ás terras do Val Miñor nas páxinas da historia máis importantes, sendo aquí onde por primeira vez un aborixe americano puxo o pé en terra europea.

Por todo o Val existen aínda casas señoriais e Pazos de relevancia que representan a bonanza económica doutras épocas. Actualmente toda a área está sendo poboada continuamente, as zonas costeiras como expansión da cidade de Vigo e como servizos para o turismo polo que mudou drásticamente nos últimos anos, e as zonas do interior como reubicación de poboación urbana rehabilitando e aumentando os núcleos de poboación existentes.